

Caderno de traballo
2º ciclo de primaria

Ale e a bóla do mundo máxica

Sibila Vigna



Intermón Oxfam

Caderno de traballo
2º ciclo
de primaria

Ale e a bóla do mundo máxica



Intermón Oxfam

Índice

No ano 2000 as Nacións Unidas asinaron a Declaración do Milenio, na que se comprometeron a cumprir os 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM), como un primeiro paso para reducir á metade a pobreza extrema no 2015.

Para exixir aos países que cumpran os seus compromisos, máis de 400 organizacións membros da Coordinadora Estatal de ONGD, entre elas Intermón Oxfam, sumámonos á campaña Pobreza Cero.

Ale e a bóla do mundo máxica

2º ciclo

Caderno de traballo para o alumnado

Dirección da colección: Raquel León

Coordinación da autoría: Gemma Vello e Montse Riera

Consello asesor: M. Àngels Alié, Carme Batet, Mireia Claverol, Núria Ensesa, Marga Florensa, Israel García, Joan Pere Guzmán, Laura Martí, M. Jesús del Olmo, José Palos, Desiderio de Paz, Ferran Polo, Patricia Quijano, María Rico, Teresa Riera, M. Lluïsa Ruiz.

Coordinación da produción:

Elisa Sarsanedas

Deseño da cuberta e interiores:

Estudi Lluís Torres

Tradución: Luïsa Diéguez

1ª edición: xullo de 2006

© Autoría: Sibila Vigna

© Ilustracións: Àngel Sauret

© Intermón Oxfam

Roger de Llúria, 15, 08010 Barcelona

Tel. 93 482 07 07

info@IntermonOxfam.org

ISBN:84-8452-405-1

Produción: Editorial Octaedr

0. "Ale e a bóla do mundo máxica" 4

1. A historia de Ale 14

2. O país de Keita 15

3. Perdémonos! 16

4. E como andamos pola casa? 18

5. Problemas de saúde 20

6. A colleita do algodón 21

7. Vaiamos ás causas 22

8. Pobreza cero xa! 24

Ale e a bóla do mundo máxica

Capítulo 1 O regalo de don Bieito

Alexandre volve facer xirar a bóla do mundo unha vez máis. Existen tantos países por coñecer... pero o tempo corre e o globo terráqueo agarda unha resposta. Que pasará cando diga o nome dun país? Aínda non pode crer o que lle está ocorrendo... Que dirá Dani cando llo conte?

Todo comezou cando Ale recibiu as notas trimestrais. O mestre felicítouno. Tiña a nota máxima en ciencias da natureza. A bioloxía era un dos seus fortes. Dani, o seu mellor amigo, pasou o día facéndolle bromas e chamándolle "doutor Alexandre". Así, entre broma e broma, foi como Ale comezou a tomar en serio a idea de estudar medicina. Curaría a xente enferma e, seguramente, gañaría bastantes cartos.

En todo isto pensaba Ale, regresando da escola, cando viu a don Bieito na porta da súa casa. Ale aledouse de velo e andou máis axiña para presumirle das súas notas. Don Bieito estaba xubilado e era moi querido na aldea. Non tiña netos, pero todos os nenos e as nenas eran ben recibidos na súa casa.

—Ola, Ale, que tal che foron as notas? —saudouno don Bieito.

—Estou moi contento, Bieito. O mestre di que son moi bo nas ciencias naturais —dixo Ale cun amplo sorriso—. E por iso me animei e decidín que, cando sexa maior, estudarei medicina!

—Que ben, Ale! Alégrome moito. Neste mundo cómpren bos doutores e doutoras. A min tamén me tería gustado ser médico, pero cando eu era novo, era moi difícil estudar.

—E iso por que? Non había universidades?

—Claro que había universidades. Pero naquel tempo non todos podían estudar por falta de cartos. Na miña casa pasamos unha época de grande pobreza, igual ca na de moitas familias españolas.

Ale abriu os ollos moi asombrado.

—Como en África, don Bieito?

—Pois non tanto, fillo, pero o certo é que o pasamos moi mal. Os anos da guerra e a posguerra foron duros... Estudar era moi difícil e moitas persoas chegaron a pasar fame.

—Pois... agora temos sorte, porque España xa non é un país pobre —dixo Ale con alivio.





—A situación no noso país mudou, Ale, pero aínda non conseguimos unha vida digna para todas as persoas. A moitas familias cústalles cubrir os gastos básicos, miles de persoas non atopan traballo e coñezo a varios xubilados e xubiladas que viven cunhas pensións moi baixas.

—Pero no mundo hai países que son realmente pobres, non é certo?

—Pois si, Ale. É unha situación moi inxusta... Xa verás que, como médico, poderás axudar moito aos que máis o precisan.

Houbo un silencio. Ale pensaba na sorte que tivera. Ás veces envexaba a colección de videoxogos de Dani ou a piscina grande da casa dos curmáns, pero a verdade é que a el non lle faltaba nada...

Don Bieito tamén quedara pensativo. Despois duns minutos de silencio, levantouse con decisión.

—Ven, Ale. Vouche ensinar algo moi especial.

Ale meteuse na casa e viu que don Bieito collía unha caixa poeirenta de enriba dun armario. Púxoala enriba da mesa e soprou o po da tapadeira. Ale esbirrou.

—Que é? —preguntou intrigado.

—Pescúdao ti mesmo —dixo o xubilado cun sorriso misterioso.

Ale abriu a tapadeira con coidado. Dentro había un vello globo terráqueo co soporte dourado. Decepcionouse un pouco. Sacouno da caixa e fíxoo xirar sobre o seu eixo.

—Non é unha bóla do mundo calquera, Ale. Hai moito tempo, a miña avoa deuma antes de morrer.

Ale lembrou ter escoitado historias estrañas acerca da señora:

—É verdade que a túa avoa era bruxa?

—Algo así, Ale, respondeu don Bieito sorrindo. Pero en todo caso era unha bruxa boa e sabia. Curaba á xente con herbas e dáballes consellos a quen llos pedía.

—Teríame gustado coñecela.

—Pois... eu xa estou moi vello para usar este cacharro. É para ti. Lévalo. Vaiche axudar a coñecer o mundo e a ser un bo médico.

—De verdade, don Bieito?

—Si, rapaz. Anda, vai á casa e coida moi ben do agasallo. Lembra que é unha bóla do mundo excepcional —despediuno don Bieito chiscándolle un ollo.

Capítulo 2

Lege viam tuam

Despois de cear, Ale subiu axiña ao seu cuarto para rematar unha tarefa da escola. Papá e mamá aledáranse moito coas notas. Ale estaba moi contento. Ao acender a luz, viu a bóla do mundo enriba do seu escritorio. Xa case a esquecera. Fixoa xirar. Que quixera dicir don Bieito con iso de que é excepcional? Ale non lle vía nada especial, aínda que realmente era bastante antiga. Os mapas eran de cores claras e as letras estaban debuxadas con elegantes trazos de caligrafía: América, Europa, África, Oceanía... Un brazo metálico, curvo, dourado, rodeábaa e fixábaa a un soporte redondo do mesmo material. Aínda tiña bastante po. Ale colleu un pano e limpouna coidadosamente. Debaxo do po do soporte apareceu unha inscrición gravada en letras pequenas. Sacou unha lupa do caixón e intentou lela. Un *L*, un *E*, un *G*, outro *E*...

A lenda completa dicía *Lege viam tuam*. A Ale soulle como a latín. Que significaba? Da biblioteca da sala, rescatou un vello dicionario de latín. Despois duns minutos de investigación, conseguiu traducir a mensaxe da bóla: "escolle o teu camiño". Intrigado e pensativo, Ale comezou a repetir a frase en voz alta: *lege viam tuam, lege viam tuam, lege viam tuam...*

De súpeto, un leve renxido proveniente do escritorio chamou a súa atención: a bóla do mundo estaba xirando! Ale asustouse e recuou ata a porta. Ao cabo duns segundos, a bóla deixou de xirar e as letras da inscrición alumáronse cun resplandor dourado. Ale contivo a respiración sen deixar de mirar o globo.

Despois duns poucos segundos, a luz apagouse e todo volveu á normalidade.

Estaba paralizado. Intentou dicir algo e abriu a boca:


—*Lege viam tuam...* Foi o único que lle saíu balbucindo.

Nada ocorreu. Por un intre, Ale pensou que acababa de ter unha alucinación. Achegouse moi amodo á bóla e volveu repetir:

—*Lege viam tuam, lege viam tuam.*

A terceira vez que dixo a frase, a bóla volveu xirar lentamente sobre o eixo do soporte. Pouco a pouco aumentou a velocidade, xirou uns cantos segundos e logo detívose. Unha vez máis a lenda alumouse.

Ale marabillouse: era unha bóla do mundo máxica!, e era súa! Sentou na cama e volveuse erguer. Estaba nervioso. Que significaba a lenda? De súpeto tivo unha intuición... Don Bieito díxerlle que o seu agasallo lle axudaría a coñecer o mundo. A mensaxe estaba moi clara: "escolle o teu camiño". Sería capaz a bóla de levalo ao país que desexase? E se o probase? Só se trataba de escoller un país e ver o que pasaba. Que país lle gustaría coñecer? Existían tantos lugares cos que soñara...





Capítulo 3 O país de Keita

Ale está decidido a probar a súa bóla máxica. Mira arredor del buscando inspiración. Ve o caderno de notas no escritorio e lembra o seu desexo... Xa está!, xa sabe a onde ir.

Ale repite tres veces en voz alta a consigna: "*lege viam tuam*". Igual ca as outras veces, o mecanismo máxico ponse en marcha. Finalmente ármase de valor e, fitando o globo, di con voz tremente:

—Quero coñecer... un país que precise médicos.

A bóla deixa de xirar. Agora varios países aparecen alumados. Algúns son americanos, pero a maioría están en África ... E agora que? Ale supón que debe volver escoller. Decídese por África e fíxase nun país bastante grande que aparece pintado en amarelo: Malí... soa ben. Decídese inmediatamente:

—Quero coñecer Malí.

Agora Malí é o único país que queda alumado no globo. Ale contén o alento. Que pasará? Pasan dous... tres segundos e todo segue igual. Ale sente unha grande decepción:

—Así vou coñecer o mundo? Con luciñas de cores! Dixen que quería coñecer Malí! Non oíches? —dille á bóla colléndoa con forza polo soporte. Ao tocala, un forte choque eléctrico guíndao ao chan co globo e todo!

Queda deitado boca abaixo. Intenta recuperarse, pero dóelle todo o corpo. Ale está máis enfadado ca antes:

—Pero..., esta chatarra que pensa?, por moi antiga que sexa non ten dereito a...

Uns risos tímidos interrompen as súas protestas. Ale érguese dun chimpó e... Non pode crer o que ve arredor del! Está no claro dun bosque. Entre as árbores, ao lonxe, vense varias casañas de cor avermellada. Ale pecha os ollos e vólveos abrir. A paisaxe segue a ser a mesma. Aos seus pés está a bóla do mundo. Recóllea con coidado e pregúntalle:

—Onde me trouxeches?

Volve escoitar un riso ás súas costas. Dá a volta, e ve unha nena que lle mira divertida tapando a boca coas mans. Ten arredor de nove anos, como Ale. Ten a pel escura e leva o cabelo peiteado con trenciñas e cintas de cores.

Ale non pode conter a emoción e achégase ansioso:

—Quen es? , onde estamos?

A nena deixa de rir e mira moi seria:

—Quen es ti?, que viñeches facer á miña aldea? —pregúntalle en francés.

Ale dáse conta de que meteu a pata e ponse vermello:

—Chámome Ale-xan-dre —tátxa intentando lembrar as súas clases de francés—, pero todos me chaman Ale. Veño de España, non sei moi ben como. Se me deixas ser o teu amigo, cóntoche a miña historia— engade, facendo un xesto amigable.

Como a nena aínda lle mira con seriedade, téndelle a man, tal como lle viu facer aos adultos. Entón a nena volve sorrir e estréitalle a man que Ale lle ofrece.

—Son Keita, aquela é a miña aldea.

—Pero, onde estamos? Por que falas francés? —pregúntalle Ale confundido.

—Estamos en Malí, Ale. No meu país fálanse moitas linguas, pero na escola tamén aprendemos francés. Pero, como é que non sabes onde estás?, perdícheste? —pregunta Keita con curiosidade.

—Que che parece se sentamos e cóntocho? —propón Ale.

Sentan nas raíces dunha árbore moi grande. Keita saca unhas froitas amarelas da súa bolsa e ofrécelle unha ao seu novo amigo.

Medio en francés e medio en castelán, Ale intenta explicarlle a Keita a súa estraña aventura. A nena non parece moi interesada na "viaxe" pero pregunta moitas cousas acerca de España. Quere saber como é o país, a aldea de Ale, a que xogan os nenos e as nenas, que come a xente e se os medicamentos son caros. Ale tamén quere sabelo todo de Malí. A conversa esténdese ata que anoitece. De súpeto escoitase unha chamada angustiada que vén desde a súa aldea:

Keita! Keita!

A nena érguese axiña:

—É miña nai. Creo que ocorreu algo... teño que irme!

—Agarda! Non me deixes aquí! Podo ir contigo?

—Está ben, podes vir. Pero... axiña! —di Keita mentres comeza a correr cara ao poboado.

Ale ve a bóla do mundo no chan. Non pode arriscarse a perdela! Mira arredor del e descobre un oco profundo entre as raíces da árbore. Mete a bóla dentro e oculta a entrada con pólas secas. Bota a correr detrás de Keita, seguíndoa polos camiños de terra que pasan entre as casas. Ao seu paso, encontran nenos, nenas e algunhas mulleres, que miran a Ale con ollos abraiados.

Por fin, Keita entra nunha casa de adobe vermello parecida a todas as demais. Ale, case sen alento, queda fóra sen saber que facer... Escoitase unha conversa, entre Keita e a súa nai, nun idioma que non entende. O pranto dun bebé interrómpeas. A nai parece preocupada. Algo malo pasa... Ale comeza a inquietarse.



Capítulo 4

Cómpre facer algo!



Despois dun anaquiño, que a Ale se lle fai eterno, Keita asómase pola porta da casa e faille un sinal para que entre. Unha señora cos ollos avermellados acode a recibilo tendéndolle a man. Dille unhas verbas incomprensibles para Ale. Keita explica:

—É Haidara, a miña nai, e dáche a benvida en bomu, que é a nosa lingua.

Seguidamente, Keita sinala un berce de madeira onde dorme un bebé:

—É o meu irmanciño, Mody. Miña nai está preocupada porque ten moita febre. Non quere comer e a temperatura non lle baixa. Ademais, meu pai está traballando nos campos de algodón e non chega ata dentro duns días...

Ale intenta darlle unha solución:

—Keita, vamos axiña a un médico, —di collendo a súa nova amiga da man.

Keita dille que non movendo a cabeza:

—En Malí os médicos son moi escasos e moi caros. Teriamos que ir ata Sikasso, a cidade máis próxima, para conseguir un. Aínda así, non teriamos diñeiro suficiente para pagalo.

Ale revisa os petos do seu pantalón e dáse conta de que non leva nin un can. E aínda que o levase, é probable que o seu diñeiro europeo non lle valesse para nada. Avergónñase un pouco do que pensaba hai unhas horas. Cando un ten vocación de médico os cartos son o menos importante.

O bebé esperta e chora de novo. Ale achégase e tócalle a fronte. Está moi quente. A nai cólleo en brazos e cántalle. Aos poucos minutos o neno deixa de chorar e só se escoita a canción de Haidara.

—Cómpre facer algo! —di Ale dirixíndose a Keita— Ten que haber alguén que poida curar a Mody!

—Si, haino —responde Keita—. Toumani é o último ancián sabio da aldea. El coñece o poder do bosque e das plantas para curar as enfermidades. Toumani salvou moitas vidas.

—Ha de ser un bruxo!, igual ca a avoa de don Bieito! E que agardamos para ir buscalo? di Ale esperanzado.

Agora, a que nega coa cabeza é a nai de Keita. Ale non entende o que di, pero a súa voz soa angustiada.

Keita intercambia unhas palabras coa súa nai. Logo explícalle a Ale que o ancián foi visitar a uns parentes. A comunidade onde se atopa queda case a un día de camiño.

—Imos buscalo, Keita. Ha de haber algún autobús...

—Ale, por aquí non hai autobuses e na comunidade non temos coches. Díxenlle á miña nai que irei camiñando buscar a Toumani. O camiño é longo, pero non quero que morra o meu irmanciño.

Ale toma a decisión de inmediato:

—Acompáñote, Keita!

Un sorriso aluma a face da nai e a da filla. Sairán ao día seguinte, ben cedo, para aproveitar as horas de menos calor. A nai sae ao patio e acende o lume. A casa de



Keita, como as outras, ten un patio grande onde se preparan os alimentos e onde se levan a cabo todas as actividades da familia. Ao cabo de pouco tempo, un olor exquisito invade o ambiente.

—Tedes que alimentarvos ben. Agárdavos un longo camiño —di Haidara servindo a comida.

A pesar de que xa ceou, Ale non se atreve a rexeitar unha saborosa ración de sopa e unhas papas de millo.

Despois da cea, Keita e Ale acomódanse para durmir sobre unhas esteiras. Haidara fica sentada xunto ao berce do bebé. A Ale cústalle quedar durmido. Repasa todo o que lle sucedeu e pregúntase se estará soñando. Belisca unha man e dóelle; non é un soño. Pensa en papá e en mamá que deben estar preocupados. Terán que ter paciencia, aínda non é o momento de volver á casa. Sente que debe axudar a Keita e ao pequeno Mody. Ale intenta ver algo na penumbra da cabana. O bebé dorme vixiado pola súa nai. Pecha os ollos e queda durmido.



Capítulo 5 Un longo camiño

Unha sacudida suave espértao. Keita murmura que xa é hora de irse. Ale érguese un pouco adurmiñado e sae ao patio a lavar a cara. Aínda está saíndo o sol. Haidara entrégalles un paquetiño con provisións e pídelles que teñan moito coidado no camiño.

Ale e Keita saen da aldea e collen un carreiro que transcorre entre árbores e herbas altas. Desde as pólas, paxaros e monos saúdan con chíos e berros ao velos pasar. Ao mediodía xa levan varias horas de camiño e a calor aperta. Xa cansos, paran a comer á sombra duns arbustos.

Cando acaban continúan a viaxe, reanimados polo descanso. Unha hora máis tarde, ao saír dun bosque, atópanse de golpe cunha paisaxe completamente diferente. Ata onde chega a vista, esténdense grandes campos de cultivo salpicados con manchas brancas. Parecen farrapos de neve. Ale nunca viu algo así:



—Keita!, que é?

—Son campos de algodón. Malí é un dos mellores produtores de algodón do mundo.

Ale míraa abraiado:

—Entón Malí debería ser un país moi rico. O algodón úsase para a roupa, os tecidos, a medicina e para moitas outras cousas.

—Pois eu non o entendo, Ale. O meu papá, como outras moitas persoas de Malí, traballa duramente no algodón durante todo o ano. Pero cando vende a colleita vende moi pouco. Ademais o goberno sempre di que non ten cartos para clínicas, medicinas, escolas... É un misterio.

—Pode que Toumani, que é un sabio, teña unha resposta sobre o misterio do algodón...

Keita míralle con ollos tristes e Ale adiviña os seus pensamentos.

—Vamos, Keita. Continuemos. Xa verás como Toumani curará ao teu irmanciño.

—Iso espero, Ale. Pero cando os nenos e as nenas enferman, non sempre se curan. Toumani di que, coa idade, está perdendo poderes. Os meus pais din que, aínda que Toumani é moi sabio, hai enfermidades que só as poden curar os médicos e as medicinas da cidade.

Ale e Keita camiñan por unha estrada de terra que transcorre entre os campos cultivados. Vense moitos homes e mulleres traballando entre as plantas de algodón. De súpeto Keita dá un berro de lelicia e bota a correr cara a un home que se achega polo camiño. É Moussa, o pai de Keita. Moussa saúda a Ale cun amplo sorriso. Explícalles que se dirixía á casa. Sabía que algo ía mal na familia porque pola noite tivera un soño. Ale míralle cos ollos moi abertos; desde hai unhas cantas horas, na súa vida, suceden moitas cousas que non poden explicarse...

Keita dille ao seu pai que Mody está enfermo. Moussa seca a suor da fronte e queda uns minutos pensativo. Non lles queda outro remedio que seguir camiñando para atopar ao ancián sabio.

Capítulo 6

O misterio do algodón

Ale, Keita e o seu pai retoman o camiño. Despois de catro horas chegan á comunidade onde vive a familia de Toumani. Atopan ao ancián sentado no patio da casa. Despois de saudalo, Moussa, Keita e Ale sentan no chan, exhaustos pola camiñada. O vello Toumani dilles que xa está moi maior e que non se sente con forzas para regresar á casa. Quedará alí e vivirá cos seus parentes. De todos os xeitos, preparará unha menciña especial para curar ao pequeno Mody.

Mentres agardan, algúns membros da familia chegan á casa con aspecto canso. Veñen dos campos de algodón. Aminata, unha sobriña de Toumani, trae unha grande cazola de arroz guisado. Pona sobre unha esteira e convida a Moussa, a Keita e a Ale a achegarse. Toda a familia senta a comer. Sangare, o marido de Aminata, preguntalle a Ale polo seu país de orixe. Ale contesta todas as preguntas e aproveita para informarse algo sobre o misterio do algodón. Sangare e Aminata explícanllo.

—Nosoutros, a xente de Malí, temos moitos gastos para cultivar o algodón e non recibimos ningunha axuda. Todo sae do noso peto. E só gañamos o que nos dan no mercado polo produto —di Aminata.

—Porén —continúa Sangare—, en Estados Unidos e en Europa as persoas que cultivan algodón reciben diñeiro dos seus gobernos. Sabes cal é o resultado diso?

—Pois ... non o sei —contesta Ale, cada vez máis curioso.

—Estados Unidos e Europa poden vender o seu algodón máis barato ca nós. Iso fai que o prezo xeral baixe moito —di Sangare.

—E por iso, en Malí, cada vez gañamos menos co noso algodón —engade o pai de Keita.

Ale está confuso. Non pode acabar de entender como é que se dá esta situación tan inxusta. Como é posible que as persoas ricas reciban máis axuda ca as pobres para facer o mesmo traballo?

Ale dispónse a facer unha pregunta, pero nese intre o vello Toumani sae da vivenda. Trae unha vasilla de barro que lle entrega ao pai de Keita. Dálle unhas indicacións en bomu. Moussa, Keita e Ale danlle as grazas ao ancián, despídense da familia e saen apresurados ao camiño.

Xa case é de noite. Ale pensa que non será capaz de volver facer toda a viaxe a pé. Tamén Keita está cansa, pero os dous están moi preocupados por Mody. Agarrados pola man, intentan seguir a Moussa, que avanza a grandes zancadas.

A escuridade xa é completa cando senten un ruído de motor detrás deles. Dan a volta e ven as luces dun coche. Moussa comeza a facerlle sinais cos brazos para



que se deteña. Ale fai o mesmo. A Keita alúmanselle os ollos:
—É a camioneta da cooperativa do algodón!

Os tres soben na parte de atrás, onde viaxan varias persoas, unha cabrita e un par de galiñas. Dúas mulleres axúdanlles a acomodarse.

Cando chegan á casa, Haidara sae a recibilos á porta con bágoas nos ollos. A Ale dálle un chouto o corazón. Entran rapidamente.



Capítulo 7 Malí no corazón

Unha vez dentro da vivenda, os tres diríxense ao berce do bebé. Na penumbra, distinguen ao pequeno Mody moi quietiño. Moussa chámalo polo seu nome e o bebé mira cos ollos moi pequeniños.

—Segue con febre e está cada vez máis débil. Non tomou o peito desde hai moitas horas —explica Haidara.

O pai ispeo e úntalle por todo o corpo o unguento de plantas preparado por Toumani. Seguindo as instrucións do ancián, Keita e a súa nai preparan unha xerra de auga fervida cun chisco de sal e un chisco de azucre. Cando arrefría, danlle o líquido ao bebé cun cunco pequeniño. Mody case non ten forzas para engulir. Os catro pasan a noite vixiándoo e falando en voz baixa. Malia o cansazo, ninguén pode pensar en durmir.

Cando comeza a raiar o sol, o pranto desesperado de Mody asústaos. Haidara cólleo no colo e proba a darlle o peito. O bebé comeza a chupar de inmediato. O pai tócalle a fronte e suspira aliviado:

—Xa non ten febre!

Keita sorrí e aperta moi forte o brazo do seu amigo. Ale intenta disimular as bágoas que están a punto de saírlle. Ninguén fala, todos miran o pequeno que non solta o peito da súa nai.

A media mañá, a Mody vésele moito mellor. A familia está máis relaxada. Haidara cántalle, arrólao e non o deixa nin un intre. Algúns veciños e veciñas achéganse á casa para ver o bebé. Moussa e Haidara fan chanzas e presentan a Ale como o seu fillo europeo. Todos rin facendo por esquecer o mal trago pasado.

De súpeto, Ale lembra a súa propia familia en España. Xa é hora de retornar á súa casa. Dillo a Keita. A nena queda un intre mirando o chan. Ambos os dous se poñen tristes coa separación.

Ale despídese da familia. Moussa e Haidara pídenlle que regrese axiña a visitalos. Keita acompaña ao claro onde se coñeceron. A bóla do mundo está intacta no agocho.

—Volverás? —pregunta Keita.

Ale míraa moi serio:

—Si que volverei. Conteiche que quero ser médico?

A nena sorri e entrégalle un paquetiño envolto nunha tea de cores.


Ale colle a bóla polo soporte, pronuncia tres veces a fórmula máxica e pídelle que o devolva á súa casa. Volve sentir unha forte sacudida e ao cabo dun momento atópase deitado no chan do seu cuarto. Un pouco atordado, érguese e olla arredor del. Todo está como o deixou.

Aínda lle custa crer todo o que lle sucedeu. Pensa en Keita, nos seus papás, no pequeno Mody e en todas as persoas que coñeceu en Malí. Ale está seguro de que os volverá ver. De súpeto lembra o paquetiño de Keita que trae gardado no peto. Ao abrilo, descobre un tesouro: a folerpa branca e esponxosa dunha planta de algodón.




1 A historia de Ale

Despois de ler a historia de Ale, observa os seguintes debuxos e describe que sucede en cada escena.



Blank white space for writing a description of the first scene.

Blank white space for writing a description of the second scene.



Blank white space for writing a description of the third scene.

Blank white space for writing a description of the fourth scene.

2 O país de Keita



Vivín unha historia increíble... Agora quero saber máis sobre o país da miña amiga Keita. Acompáñasme a coñecelo?

En Malí todas as relixións se respectan e conviven en paz. A xente é moi alegre. Gústanos moito rir, pero non sempre podemos facelo... No meu país temos problemas moi graves que nos gustaría solucionar.



Completa a información sobre Malí:

A República de Malí está situada no continente _____

A capital é _____


A súa superficie é de 1.240.000 Km², aproximadamente _____ veces maior ca a de España. O territorio de Malí está atravesado polo río _____



A poboación de Malí é de 13.007.000 habitantes e está composta por diversos grupos étnicos: os bambara, os malinke, os senufo, os tuaregs, os peules, os dogon e os bomu, entre outros. Ademais do francés, fálanse as linguas correspondentes aos diferentes grupos étnicos. Como a rexión do norte e do centro son as máis desérticas, a maioría da súa poboación concéntrase no sur nas marxes dos ríos.

Compara os seguintes datos...

En España, case todas as persoas saben ler e escribir e teñen auga potable na casa. En Malí, de cada 100 persoas adultas:




81 persoas adultas non saben ler e escribir



52 non teñen auga potable na súa casa ou na súa comunidade

Tanto en España como en Malí hai persoas pobres, pero...



En Malí: de cada 100 persoas, 72 son moi pobres



En España: de cada 100 persoas, 1 é moi pobre

Que opinas desta situación?

3 Perdémonos!

Por erro, a bóla do mundo enviou a Ale e Keita a unha rexión misteriosa... Non saben canto tempo terán que permanecer alí. Axúdalles a atopar todo o que precisan para vivir como persoas sas e felices. Rodea cun círculo de cor verde aquilo que consideras esencial (imprescindible), e cun círculo amarelo o que non é tan necesario (prescindible).



Tendo en conta os elementos que elixiches, fai unha lista das necesidades básicas que temos as persoas:

Ter cubertas as necesidades básicas é un dereito de todas as mulleres e todos os homes do planeta. Le o seguinte texto:

Declaración Universal dos Dereitos Humanos

Art. 1 Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e en dereitos.

Art. 25 Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure a súa saúde e o benestar, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica...

Art. 26 Toda persoa ten dereito a educación

1. Cres que os dereitos humanos se cumpren para todas as persoas? Por que?

2. Cres que en España as persoas teñen as necesidades básicas cubertas? E en Malí?

3. Que opinas desta situación? Comparte a túa opinión cos teus compañeiros e compañeiras.

4 E como andamos pola casa?

A época da guerra e da posguerra foi moi dura en España. Estes son algúns testemuños recollidos por mozos dun instituto de secundaria que decidiron entrevistar aos seus avós e avoas para coñecer a historia de primeira man.



© Familia Mayol



“Nos anos corenta pasouse máis fame ca durante a guerra. Déronnos unha cartilla, todo o tiñamos racionado: o aceite, o azucre”. Asunción Haba

“Eu non fun á escola porque tiña que quedar na casa para atender aos meus irmán para que a miña nai fose buscar o sustento”. Gabriela Martín.


“Os estudos tiñanos os que tiñan cartos e o que non, non podía estudar”. Carmen Pérez.

“A xente morría de sarampelo. Á miña nai morreulle un fillo de sarampelo. Tamén estaba a sarna, que saía entre os dedos e picaba moito. E se che daba paludismo había que ir a Navalucillas, que está ben retirado, a por medicinas, que nesa época había ben poucas”. África de Castro.

Fonte: Años de pobreza contados por nuestros abuelos y abuelas. Seminario de Fuentes Orales. IES Gines de los Ríos, Alcobendas (Madrid)



© Familia Mayol



1. Cal é o testemuño que máis te sorprendeu? Por que?

2. Como se vivía na época da guerra e a posguerra?

3. Que necesidades básicas non estaban cubertas?

4. Por que cres que era difícil estudar?

5. Que sucedía cando a xente enfermaba?

6. Que diferenzas atopas entre aquela época e a situación actual do noso país?


Cres que actualmente en España hai pobreza? Le o seguinte testemuño:

Mercedes xa conseguiu traballo e piso...

“Teño dez fillos. Antes vivía nunha chabola de madeira, non tiña para comer, os meus fillos ían con zapatillas que me daban, ás veces rotas, e dábame vergoña. Porén, agora, se non é un mes é outro, cando precisan zapatillas, eu cómprollas, pero iso non quere dicir que eu sacase aos meus fillos da pobreza... Pero si que estou orgullosa de ter sacado os meus fillos adiante... Eu teño que saír da casa ás cinco da mañá para ir traballar, quero que os meus fillos vaian coa cabeza alta.

O meu primeiro día de traballo xa me relacionei con todas as miñas compañeiras. A medida que pasaban os días, elas axudábanme, ensinábanme a traballar, a coller o metro. Non me miraban por enriba do ombro, tratábanme coma unha máis. E eu pensaba: “Eu son igual ca elas. Por que hei de ir coa cabeza gacha?” Moitas veces miro cara atrás e penso en todo o que perdín de vivir. Durante moitos anos vivín entre catro paredes, sen saber que este mundo existía. Non saín da pobreza aínda, pero dei un paso adiante”.

Fuente: Cuarto mundo



Que cambiou na vida de Mercedes?

Que necesidades non tiña cubertas a familia antes de que Mercedes conseguise traballo?

Como cres que se sentía Mercedes cando vivía nunha chabola e non traballaba?

Como cres que se senten as persoas que viven na pobreza? Por que?

5 Problemas de saúde



En Malí os médicos son moi escasos e moi caros. Teríamos que ir moi lonxe para conseguir un. Aínda así non teríamos diñeiro para pagarlle. O goberno sempre di que non ten diñeiro para clínicas, medicinas, escolas ou transporte público. Irei camiñando a buscar a Toumani. Non quero que o meu irmanciño morra.

Escribe unha redacción breve sobre a última vez que estiveches enfermo ou enferma e acudiches á consulta médica.

1. Como fuches á consulta?

2. Quen pagou a consulta e as medicinas?

3. Que diferenzas encontras entre a situación de Mody e a túa?


4. Que sucede en España se unha persoa enferma e non ten diñeiro? E en Malí?

O coidado da saúde é moi importante para ter unha vida longa e sa. No noso país calquera persoa pode esperar vivir ata os 79 anos ou máis. En Malí, as persoas só viven ata os 52 anos...

Por que crees que se dá esta diferenza?
Que pensas acerca disto?

6 A colleita do algodón

Sodes agricultores e agricultoras de algodón. A vosa misión é sacar unha boa colleita de algodón e vendela no mercado. Ánimo e sorte!




1. Estás de acordo cos resultados do xogo?
Por que?

2. En que se parece este xogo á realidade?

7 Vaíamos ás causas


As seguintes imaxes perderon os seus titulares. Decide que titular corresponde a cada imaxe e úneos cunha frecha. Descubrirás cales son algunhas das principais causas da pobreza do mundo.


Os países ricos non cumpren as súas promesas de axuda para acabar coa pobreza...



No mundo existe riqueza suficiente para todas as persoas, pero os ricos acumulan a maior parte...

Millóns de campesiños viven na pobreza por culpa dunhas regras comerciais inxustas.





Agora que xa descubriches algunhas das causas da pobreza, fai unha lista e pensa unha solución para cada problema.

Causas da pobreza

Solucións

8 Pobreza cero xa!



No ano 2000, 189 países aprobaron os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio para acabar coa pobreza no mundo no 2015... Pero os cambios van demasiado lentos....

Cómpre que os gobernos cumpran o prometido! Para iso, estase realizando unha campaña mundial na que participan miles de cidadáns e cidadás coma ti. Estas son as súas propostas. Leas e compáraas coas alternativas que presentaches na actividade 7:

- Máis axuda para os países e as persoas máis pobres.
- Cambiar as regras do comercio inxustas.
- Acabar coas axudas á exportación agrícola dos países ricos do Norte.
- Asegurar que todas as persoas teñan cubertas as necesidades básicas: alimentación, saúde, auga potable, etc.
- Axudar aos países menos desenvolvidos para que aproveiten a tecnoloxía.

Escribe unha frase para contarlles aos teus compañeiros e compañeiras que pensas sobre a pobreza no mundo.



E ti, que podes facer?

Infórmate e participa nas campañas que están en marcha para exercer presión sobre os políticos de todo o mundo para que se comprometan na loita contra a pobreza.

Podes visitar as súas páxinas web e saber que actos convocan na túa vila ou cidade e participar por Internet:

- Campaña Pobreza Cero da Coordinadora de ONGD españolas: www.pobrezacero.org
- Campaña Sin Excusas 2015 da Campaña do Milenio da ONU: www.sinexcusas2015.org
- Podes manterte informado sobres o ODM a través da web de Nacións Unidas e do programa escolar da ONU, o Ciber Bus Escolar: www.un.org/Pubs/CyberSchoolBus/spanish/



Intermón Oxfam



A historia de Ale introdúcenos no concepto de pobreza, desde a perspectiva tanto das causas que a provocan como das consecuencias que dela se derivan. As actividades que acompañan a historia de Ale permítennos situar a pobreza nun mundo cada vez máis complexo e interdependente, sinalando algúns dos procesos e os fenómenos que inflúen no seu mantemento e intensificación.

Colección unidades didácticas de primaria

Esta colección forma parte do programa **Educar para a Cidadanía Global** de Intermón Oxfam. Pretende potenciar no alumnado actitudes e valores que lles permitan coñecer e entender mellor a realidade que os rodea e así participar activamente como cidadáns e cidadás na construción dun mundo máis xusto e solidario.

Proposta de traballo global, flexible e adaptada ás necesidades do alumnado. Este caderno está pensado para o alumnado de educación infantil.

Outros títulos do mesmo ciclo:

TEMA **Por un comercio con xustiza**
O aniversario de Laura

TEMA **Armas baixo control**
Bolboretas de cores

TEMA **Educación agora**
Aprender é un dereito

TEMA **Dereitos da infancia**
A escola de Beto

TEMA **Medio ambiente e desenvolvemento**
Noaga, ¿c0como podemos deter o deserto?

ISBN 84-8452-405-1



9 788484 524052

752220